

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 4194 (10/POC-000719)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a valoración e as medidas postas en marcha polo Goberno galego en relación coa situación que están a atravesar as explotacións do sector cunícola a consecuencia dos baixos prezos de venda que perciben
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017
- 1.2 4817 (10/POC-000838)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis
Sobre os datos referidos aos traballadores propios e adscritos, categorías laborais e tipos de contratos existentes na sociedade mercantil pública autonómica Seaga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 1.3 5072 (10/POC-000872)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre os datos referidos ao pagamento anticipado das axudas da PAC correspondentes á campaña 2016-2017 en cada unha das provincias galegas, as previsións da Xunta de Galicia respecto dos fondos que van percibir os agricultores con cargo a estas axudas no período 2017-2018 e a súa valoración en relación con este tipo de apoios para o sector agrogandeiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017


Punto 2. Proposicións no de lei en Comisión

- 2.1 4522 (10/PNC-000433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego do Plan de xestión do lobo no ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

- 2.2 5569 (10/PNC-000535)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co apoio e a defensa do sector lácteo de Galicia nos ámbitos nacional e europeo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017
- 2.3 6034 (10/PNC-000596)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas necesidades de persoal cualificado existentes nas explotacións gandeiras de vacún de leite, así como de formación específica para as persoas propietarias en materia de xestión de equipos e tarefas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017
- 2.4 6842 (10/PNC-000695)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a elaboración pola Consellería do Medio Rural das alegacións correspondentes para frear e desestimar os permisos de investigación e extracción de seixo solicitados por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, co fin de protexer as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017
- 2.5 6937 (10/PNC-000704)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para permitir, de xeito excepcional, o pastoreo nos terreos afectados polos incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 06/04/2017 10:34:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 4194(10/POC-000719)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a valoración e as medidas postas en marcha polo Goberno galego en relación coa situación que están a atravesar as explotacións do sector cunícola a consecuencia dos baixos prezos de venda que perciben

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

A deputada **Paula Quinteiro Araujo** e o deputado **David Rodríguez Estévez** pertencentes ao Grupo Parlamentar **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión 7ª**.

O sector cunícola leva tempo atravesando unha grande crise debido aos baixos prezos e non semella que vaia atopar solución no curto prazo.

En Galicia hai arredor dunhas 230 explotacións, das que dependen miles de empregos directos e indirectos, e é a segunda autonomía en produción cunícola do Estado español.

O sector, aínda non sendo moi numeroso en número de explotacións, ten unha importancia "estratéxica" porque as granxas están en zonas rurais onde non existen outras moitas alternativas económicas, polo que o apoio a este sector contribuirá a manter os postos de traballo e a actividade agrícola nas zonas interiores de Galicia.

Os intermediarios e as grandes cadeas de distribución están favorecendo que os gandeiros estean percibindo prezos moi baixos, non chegando nin sequera, en moitas ocasións, a cubrir os custes de produción.

En moitas grandes superficies comerciais alimentarias emprégase de forma recorrente a carne de coello como reclamo, vendendo esta a prezos irrisorios.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 10:29
Nº Rexistro: 4194
Data envío: 30/01/2017 10:29:15.420



Por todo o exposto, facemos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.ª) Que valoración fai a Consellería acerca da situación das explotacións do sector cunícola?
- 2.ª) Que medidas está pondo en marcha para solventar a actual situación?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2017 10:26:32

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2017 10:26:40

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 4817(10/POC-000838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre os datos referidos aos traballadores propios e
adscritos, categorías laborais e tipos de contratos
existentes na sociedade mercantil pública autonómica Seaga

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A empresa pública Seaga (Servizos Agrarios Galegos) que figura na memoria da Consellería como Sociedade Mercantil Pública Autónoma, ten aos seus traballadores divididos en varias categorías laborais, os que teñen unha situación de fixos ao longo de 12 meses son os menos, entornando a 30, pero hai un colectivo duns 500 traballadores de Seaga coa tipificación contractual de fixos discontinuos con só 3 meses de traballo ao longo do ano. Hai que aclarar que tanto os fixos de 12 meses como os fixos discontinuos de 3 meses teñen esa cualificación laboral logo de gañar os respectivos preitos para consolidar a súa condición laboral.

Este colectivo está composto por traballadores/as coa categoría de peón, peón especialista, xefe/a de cuadrilla, capataces e técnicos, que os fai especialmente adecuados para desenvolver tarefas de especial relevancia no rural máis aló dos 3 meses que teñen como período laboral estable ao longo do ano.

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras da empresa pública Seaga é unha situación que non debe seguir prolongándose. A Xunta non pode manter un colectivo tan amplo nunha situación tan precaria dando un pésimo exemplo ao mercado laboral, deixando de lado a un colectivo con alta cualificación, profesionalidade e formación para desenvolver o seu traballo no eido rural

Logo do anuncio por parte do presidente de que a X lexislatura será a lexislatura do mundo rural, en referencia ao grande esforzo que está disposto a facer o Goberno galego para superar as eivas, atrancos e subdesenvolvemento que pesa sobre o sector agrario e espazo rural.

Un dos moitos aspectos que necesitan reforzo nas políticas enfocadas a relanzar o eido rural son as que se refiren á prevención na extinción de incendios, conxuntamente coa limpeza e vixilancia dos montes e outras actuacións máis específicas e/ou selectivas relacionadas cós distintos aspectos produtivos e/ou relacionados co eido rural como tratamentos silvícolas, controis sobre a saúde da superficie forestal, tratamentos de pragas, infraestruturas agropecuarias, conservación, protección de recursos naturais, etc.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 10:50
Nº Rexistro: 4817
Data envío: 09/02/2017 10:50:12.769



Grupo Parlamentario

Os cometidos e a razón de ser da empresa Seaga son todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións en materia agrícola, gandeira e forestal; así como todo o relacionado có desenvolvemento rural, a conservación e protección do medio natural e tamén a loita contraincendios que na súa vertente de prevención sería clave.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo isto os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantos traballadores e traballadoras están adscritos á Sociedade mercantil pública autonómica (Seaga)?

2ª) Cantas categorías laborais e tipos de contratos coexisten en Seaga, e que características ten cada unha delas?

3ª) Cantos traballadores e traballadoras de Seaga se inclúen en cada unha das categorías e contratos?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/02/2017 10:41:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/02/2017 10:41:14

Noela Blanco Rodríguez na data 09/02/2017 10:41:25

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 5072(10/POC-000872)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre os datos referidos ao pagamento anticipado das axudas da PAC correspondentes á campaña 2016-2017 en cada unha das provincias galegas, as previsións da Xunta de Galicia respecto dos fondos que van percibir os agricultores con cargo a estas axudas no período 2017-2018 e a súa valoración en relación con este tipo de apoios para o sector agrogandeiro

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Diario Oficial de Galicia publicaba o pasado 1 de febreiro, o primeiro día do prazo previsto na lexislación estatal reguladora, tal e como está a ser habitual nas últimas convocatorias, a Orde da Consellería do Medio Rural pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, no marco da Política Agraria Común (PAC). Axudas correspondentes aos pagamentos directos da PAC (Fondo Europeo de Garantía, FEAGA) e ás medidas agroambientais de desenvolvemento rural (zonas con limitacións naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións en terras non agrícolas).

A fin destas achegas é reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana e potenciar aos agricultores activos, poñendo especial énfase nas prácticas agrícolas que resulten beneficiosas para o clima e o medio ambiente.

Aberto o prazo de presentación de solicitudes para a campaña 2017-2018 resulta apropiado facer balance do adianto do pago da PAC 2016-2017, aínda sendo conscientes de que o período legalmente establecido para aboar o importe íntegro das mencionadas achegas finaliza o vindeiro 30 de xuño, polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales foron os conceptos, os importes e o número de beneficiarios do pagamento anticipado da PAC correspondentes á campaña 2016-2017 en cada unha das provincias de Galicia?
2. Que previsión manexa o Goberno galego en relación cos fondos que recibirán os agricultores e gandeiros galegos con cargo ás axudas da PAC no período 2017-2018?
3. Que valoración fai o Goberno galego deste tipo de apoios para o noso sector agrogandeiro?



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 5072
Data envío: 13/02/2017 17:56:48.603

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/02/2017 17:52:49

Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/02/2017 17:52:58

Moisés Blanco Paradelo na data 13/02/2017 17:53:05

Carlos Gómez Salgado na data 13/02/2017 17:53:13

José González Vázquez na data 13/02/2017 17:53:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 17:53:42

Daniel Vega Pérez na data 13/02/2017 17:53:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións no de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4522(10/PNC-000433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego do Plan de
xestión do lobo no ano 2017

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Se en Galicia, na península, e mesmo no continente, buscásemos ao animal que esperta as máximas paixóns, sen lugar a dúbida, ese é o lobo (*Canis lupus*). No caso galego estamos diante da especie de lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), un supervivente da idade do xeo, polo que se pode afirmar con toda seguridade de que leva no noroeste peninsular máis tempo que os nosos devanceiros máis directos e, polo tanto, ten carta de natureza sobre este territorio.

O seu nome está indiscutiblemente xunguido á cultura a través de abondosos nomes e topónimos que se reparten ao longo e ancho de toda a xeografía galega. A arquitectura popular está chea de referencias específicas da presenza desta especie como, por exemplo, as chozas das serras de Aviión e Suído, ou os foxos repartidos por toda a xeografía que nalgúns casos chegan a ser grandes construcións con muros de 800 m de longo, coma no caso da serra da Groba. Non menos importante é a súa presenza na literatura da man de sobranceiros autores como Vicente Risco, Castelao ou Ánxel Fole; e se nos fixamos nas locucións, estas son tan abondosas como clarificadoras. Non menos importantes son as referencias ao lobo nas cantigas populares, adiviñas e refráns, que son tan abondosas e variadas que cobren todos os aspectos da vida da xente.

O lobo é un depredador, aliméntase a base de ungulados e estímase que anualmente precisa arredor dunha tonelada de carne. Esta característica repórtalle a mala sona que o precede ao chocar con algunha actividade humana tal que a gandaría, esta convivencia empeorou a partir do ano 2000. Nesta data xurdiu o problema das “vacas tolas” e con el unha nova directriz prohibiu abandonar reses mortas no monte, práctica secular que servía para aliviar as necesidades alimenticias destes animais, xa que o aproveitamento de carroña propiciaba un nivel de ataque baixo o gando, e así podíase manter un certo equilibrio para a adecuada convivencia entre esta especie e a actividade humana.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4522
Data envío: 03/02/2017 14:16:41.481



Grupo Parlamentario

Debido á necesidade de manter a convivencia e o equilibrio entre esta especie e a actividade económica, nomeadamente a gandaría, faise necesario continuar, manter, ou no caso de que non os houberse iniciar estudos sobre a especie e os seus comportamentos, adaptación ao medio e circunstancias socioeconómicas que o rodean, así como a evolución e distribución dos efectivos e a súa variabilidade no tempo e espazo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que poña en marcha o Plan de xestión do lobo durante o ano 2017.

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 03/02/2017 14:12:47

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/02/2017 14:12:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 14:13:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/02/2017 14:13:18

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 5569(10/PNC-000535)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación co apoio e a defensa do sector lácteo de Galicia nos
ámbitos nacional e europeo

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:32
Nº Rexistro: 5569
Data envío: 23/02/2017 10:32:46.692

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

Fronte o posicionamento dos grupos parlamentarios da oposición que nos trasladan unha visión catastrofista do lácteo galego e falan de plans de emerxencia ou plans de choque, o certo é que o traballo da Xunta de Galicia a prol dunha solución integral para o sector está a dar os seus froitos na consecución de explotacións de vacún rendibles tanto polo incremento dos prezos de venda dos seus produtos coma pola maior eficiencia na xestión dos custes de produción das súas explotacións.

Non se trata de actuacións illadas senón que unha atención constante o sector lácteo a través dun conxunto de medidas vertebradoras e orientadas a súa pervivencia a través da rendabilidade das explotacións gandeiras.

En canto ás medidas adoptadas para axudar ao sector nesta conxuntura, a Xunta de Galicia xunto co Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente ten implementado e segue a implementar numerosas medidas encamiñadas a apoiar ao sector lácteo no seu conxunto, pero especialmente aos produtores.

A Consellería do Medio Rural nos anos 2013, 2014, 2015 e 2016 realizou ou está a realizar todos os controis que tiña asignados no desenvolvemento do Plan Nacional de Controis do Paquete Lácteo para velar pola axeitada aplicación do mesmo.

As infraccións detectadas, en función de quen é o órgano competente para a súa tramitación, ou ben son denunciadas á AICA ou ben son tramitadas como expedientes sancionadores por esta administración.

Na aplicación en España da última Reforma da PAC conseguíuse establecer unha axuda acoplada para o sector lácteo cunha dotación de 94 millóns de euros fronte aos 59 millóns que existían con anterioridade, é dicir, aumentouse a dotación un 56% (desta axuda por vaca os produtores galegos reciben uns 40 M€, é dicir, un 43%).



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:32
Nº Rexistro: 5569
Data envío: 23/02/2017 10:32:46.692

Ademais, a Consellería do Medio Rural tamén tivo moi presente a este sector no deseño do PDR 2014-2020 o que se traduce en apoios a través de diversas medidas como por exemplo:

- As axudas para o apoio á implantación de métodos de produción máis extensivos a través das axudas de Agroambiente e clima e Agricultura ecolóxica previstas no PDR 2014-2020
- As axudas para as explotacións en zonas con limitacións naturais que no período anterior non podían cobrar moitas explotacións de leite pola existencia dun requisito de carga gandeira máxima de 2 UGM/ha. No PDR 2014-2020 conseguiuase eliminar esa limitación co cal as explotacións de leite de Galicia situadas en zonas desfavorecidas contarán cun apoio adicional.

Tamén hai que citar todas as medidas que se empezaron a poñer en marcha ao longo do último ano polo Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente en colaboración coas Comunidades Autónomas:

1. Apoio ás organizacións de produtores, como instrumento para reforzar a capacidade dos gandeiros na negociación de prezos e a participación na comercialización e valor engadido da produción.
2. Promoción do consumo. Desenvolvemento dunha campaña de promoción dirixida a incrementar o consumo de leite e produtos lácteos nacionais no mercado interior. Esta campaña denominada "Lácteos de aquí cada día" desenvolveuse de maneira conxunta coa INLAC en base a un convenio suscrito entre o Ministerio e dita Interprofesional.
3. Vixilancia do cumprimento da lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria no sector lácteo pola Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA).
4. Facilitar a concesión de créditos a gandeiros de vacún leite.
5. Divulgación dos contratos lácteos.
6. Divulgación de información sobre custos e marxes de produción.
7. Potenciar o papel de INLAC como órgano para a consecución de acordos sectoriais, en particular sobre a contratación no sector lácteo, a utilización e difusión de índices de referencia, a mellora da arbitrase nos contratos, así como a monitorización dos contratos, a promoción do consumo de leite e produtos lácteos, entre outros aspectos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:32
Nº Rexistro: 5569
Data envío: 23/02/2017 10:32:46.692

8. Impulso do programa de leite escolar, mediante o desenvolvemento dunha Estratexia Nacional potenciarase o uso desta medida, simplificando a súa xestión e dotándoa de fondos complementarios.
9. Plan Estratéxico para a Industria Láctea. O MAPAMA, en colaboración con FENIL, levará a cabo a elaboración e posta en marcha dun Plan Estratéxico, destinado a facilitar ás industrias a súa adaptación ás novas condicións do mercado e ás novas oportunidades de desenvolvemento, e para incrementar a súa capacidade de resposta ás necesidades e demandas dos consumidores, á vez que garanten a sostibilidade dos produtores.
10. Impulso á cooperativización do sector,

Co obxecto de reforzar o apoio ao sector, o MAPAMA impulsou novas medidas, entre as que se encontran as seguintes:

1. O Real Decreto 1077/2015, do 27 de novembro, polo que se establece a concesión directa dunha axuda temporal excepcional para compensar as dificultades económicas no sector produtor vacún de leite composta dun tramo básico de 25,5 M€ de financiación da UE (FEAGA) e un tramo complementario dotado con 20 M€ de fondos nacionais.
2. Concesión dunha moratoria, por un ano, nos créditos concedidos polo MAPAMA aos gandeiros.
3. Mellora da transparencia na transmisión do valor ao longo da cadea de subministración.
4. Reforzo do control do cumprimento dos compromisos correspondentes ao Programa de Produtos Lácteos Sostibles (PLS).
5. Reforzo das políticas a favor do desenvolvemento e potenciación das figuras de calidade protexidas para os queixos e dos produtos acollidos á Agricultura Ecolóxica.
6. Apoio á presenza dos produtos lácteos españois nos mercados exteriores.

Por outro lado, debido á presión exercida por diferentes países membros da UE (entre os que se atopaba España), a Comisión Europea aprobou o seguinte paquete global de medidas de apoio aos agricultores:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:32
Nº Rexistro: 5569
Data envío: 23/02/2017 10:32:46.692

- AXUDAS PARA INCENTIVAR A REDUCIÓN DA PRODUCCIÓN LEITEIRA (150 M€)
- AXUDA EXCEPCIONAL DE ADAPTACIÓN DE APLICACIÓN A NIVEL DOS ESTADOS MEMBROS (350 M€) para España virán 14.665.678 euros
- OUTRAS MEDIDAS TÉCNICAS
 - AXUDA DE TESOURERÍA: incremento no importe (%) dos anticipos dos pagamentos directos (do 50% ao 70%).
 - REFORZAR OS INSTRUMENTOS DA REDE DE SEGURIDADE: prolongación dos períodos de intervención.

A Xunta de Galicia tamén apoiou e segue apoiando ao sector produtor con outras medidas de ámbito autonómico:

- Campaña de Promoción do leite co etiquetado “Galega 100%”.
- Traballamos conxuntamente coas cooperativas galegas no proxecto de fusión das mesmas, froito do cal xurdiu a cooperativa Clun (por asociación das cooperativas Feiraco, Melisanto e Os Irmandiños).
- Apoiamos a grupos empresarias que teñen interese en instalar fábricas de produtos lácteos que dean valor engadido ao leite e que xeren riqueza, traballo e seguridade na recollida das producións futuras, como son os casos de Goodleit, Entrepinares ou a galega Cooperativa Lemos.
- Nunha cuestión esencial coma e a renovación xeracional, o 2016 é un dos anos nos que máis mozos se lles aprobou a axuda de incorporación de mozos á actividade agraria no sector leiteiro; en concreto do total das 618 incorporacións aprobadas, un total de 237 (38%) incorpóranse neste sector, dos que o 57% son homes e o 43% son mulleres.
- Polo que respecta ás axudas de investimentos en explotacións agrarias, coñecidos como Plans de Mellora, cunha clara orientación dos investimentos no sector lácteo. Dun total de 582 aprobacións realizadas, 325 (56%) corresponden a explotacións gandeiras con orientación produtiva vacún de leite.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:32
Nº Rexistro: 5569
Data envío: 23/02/2017 10:32:46.692

- No ano 2016, o 58% do investimento en transformación e comercialización de produtos agrarios foi para este sector, cunha subvención concedida de 14.482.490 €.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1. Continuar no apoio do noso sector lácteo mediante o mantemento das medidas e axudas xa implantadas.
2. Manter o seu papel activo na defensa do sector lácteo, tanto no ámbito nacional coma no da Comunidade Europea”.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/02/2017 10:20:58

José González Vázquez na data 23/02/2017 10:21:04

Moisés Blanco Paradelo na data 23/02/2017 10:21:15

Carlos Gómez Salgado na data 23/02/2017 10:21:22

Raquel Arias Rodríguez na data 23/02/2017 10:21:31

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/02/2017 10:21:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/02/2017 10:21:48

Daniel Vega Pérez na data 23/02/2017 10:21:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 6034(10/PNC-000596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas necesidades de persoal cualificado existentes nas explotacións gandeiras de vacún de leite, así como de formación específica para as persoas propietarias en materia de xestión de equipos e tarefas

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 11:46
Nº Rexistro: 6034
Data envío: 03/03/2017 11:46:09.493

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Galicia experimentou nos últimos anos unha perda importante de explotacións gandeiras de vacún de leite co conseguinte efecto negativo no emprego e despoboamento do medio rural. As que continúan coa actividade precisan redimensionarse optando moitas veces pola agrupación. Así é que a día de hoxe a porcentaxe de sociedades de distinto tipo (SAT, SC, SL, SCG) representan cada vez unha porcentaxe máis elevada.

A dinámica laboral destas explotacións mudou moito do que ata agora funcionaba nas explotacións familiares. A estrutura territorial e de instalación así como a especialización obriga a que algunhas tarefas sexan externalizadas. Así ocorre cos cultivos de forraxes e tamén en grande medida na recría de xovencas.

Por distintos motivos a man de obra familiar xa non é suficiente para atender este novo tipo de explotacións e faise preciso contratar persoal externo. Cada día son máis as granxas que poden ter futuro grazas ao persoal asalariado.

O que debería ser unha boa alternativa ante o desemprego no rural atópase con un grande inconvinte: non hai oferta de persoal cualificado para traballar nestas explotacións.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 11:46
Nº Rexistro: 6034
Data envío: 03/03/2017 11:46:09.493

Atopámonos aquí cun problema duplo que deberíamos ser quen de transformar nunha dupla oportunidade: o sector precisa persoal cualificado para traballar nas explotacións mais tamén precisa formarse para xestionar equipos e organizar tarefas.

Gandeiras e gandeiros deben enfrontar un novo reto, ademáis de manexar gando e cultivos, ocuparse da burocracia ligada á actividade. Teñen que incorporar persoal alleo e xestionar o equipo de xeito que a explotación funcione e sexa rendible.

Por todo o exposto anteriormente, desde o Grupo Parlamentar do BNG, fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Iniciar a interlocución necesaria co Sector de vacún de leite para diagnosticar as necesidades en materia de persoal cualificado para traballar nas explotacións.
2. Deseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para traballadoras e traballadores de explotacións de vacún de leite, con programas moi prácticos e horarios axeitados e que redunden nun beneficio real para as persoas traballadoras e tamén para as explotacións.
3. Deseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para as persoas propietarias das explotacións enfocados á xestión de equipos e tarefas.
4. Nas axudas á incorporación de xente moza incluír criterios de puntuación máis favorables para as persoas que presenten formación específica reglada na xestión de explotacións gandeiras.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 11:46
Nº Rexistro: 6034
Data envío: 03/03/2017 11:46:09.493

5. Habilitar axudas específicas para a contratación de servizos de substitución naquelas explotacións nas que, pola súa dimensión, non é posible a contratación de persoal asalariado.”

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/03/2017 11:45:10

Olalla Rodil Fernández na data 03/03/2017 11:45:15

María Montserrat Prado Cores na data 03/03/2017 11:45:20

Noa Presas Bergantiños na data 03/03/2017 11:45:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 11:46
Nº Rexistro: 6034
Data envío: 03/03/2017 11:46:09.493

Xosé Luis Bará Torres na data 03/03/2017 11:45:25

Ana Pontón Mondelo na data 03/03/2017 11:45:29

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 12.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 6842(10/PNC-000695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a elaboración pola Consellería do Medio Rural das alegacións correspondentes para frear e desestimar os permisos de investigación e extracción de seixo solicitados por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, co fin de protexer as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6842
Data envío: 20/03/2017 18:14:28.793

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían ós concellos de Frades, Oroso e Ordes.

Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case dúascentas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.

O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible ou no mellor dos casos custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.

Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exíguo.

Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan pra hoxe e fame pra callada pra mañá ó deixa-la terras en situación de aridez case permanente.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6842
Data envío: 20/03/2017 18:14:28.793

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Consellería de Medio Rural, a elaborar as alegacións correspondentes para frear e desestimar os permisos de investigación e extracción de seixo nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades que leven á protección das terras agrarias e dos postos de traballo que xeran e sustentan as mesmas.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2017 18:10:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6842
Data envío: 20/03/2017 18:14:28.793

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2017 18:11:02

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2017 18:11:06

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2017 18:11:10

Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2017 18:11:12

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2017 18:11:15

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 12.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 6937(10/PNC-000704)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para permitir, de xeito excepcional, o pastoreo nos terreos afectados polos incendios forestais

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para permitir o pastoreo en terreos queimados de forma excepcional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei de Montes de Galicia (7/2012) no seu Capítulo II, no Artigo 86 (Pastoreo), no punto 11. dí: Con carácter xeral, prohibese o pastoreo en terreos forestais que resulten afectados por incendios forestais, de conformidade co disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; e no punto 12. dí: No Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo inscribíranse de oficio como zonas prohibidas as superficies queimadas naquelas parroquias definidas como de alta actividade incendiaria incluídas nas zonas declaradas como de alto risco de Galicia, durante o período que resulte por aplicación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Regulamentariamente poderanse establecer outras causas extraordinarias que, coa debida xustificación, permitirán realizar a inscrición de oficio de calquera outro terreo forestal queimado.

A lei de 3/2007 de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia, no Capítulo II, no artigo 43. expón no punto 2. que regulamentariamente poderán



preverse excepcións á prohibición establecida no punto anterior (1), baseadas na acreditación de perdas de difícil reparación pola prohibición ao pastoreo ou na inexistencia de alternativas ao pastoreo nas áreas afectadas por incendios forestais dentro da mesma demarcación forestal, agás que se trate de superficies arboradas queimadas, ou superficies de parroquias incluídas en zonas declaradas como de alto risco onde, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles.

Hoxe en día, están dándose casos nos que os pastores non teñen onde levar o gando a pastorear o falar de gando que está en extensivo, a Km de as súas cuadras, pernoctando en curros nas serras, e moitas veces cos único puntos onde beber, nos regatos, metidos entre zonas queimadas. O darse estes casos, os pastores vense nunha situación desesperante o ser multados reiteradamente por intentar alimentar e abeberar o seu gando.

É verdade que hoxe existe unha solicitude de excepcionalidade, pero esta é moi difícil de solicitar debido a complexidade da mesma, ademais de que moitos destes terreos nin son particulares nin son MMVVMMCC, xa que son montes de titularidade pública. Algunhas dos requisitos que se piden son:

1. Solicitude debidamente cuberta, da que se achega copia.
2. Documentación que acredite a titularidade da parcela
3. Planos Sixpac ou do Catastro
4. Documento que acredite a representación, no seu caso, así como a autorización expresa do propietario dos terreos para o pastoreo polo solicitante (necesario en caso de que o solicitante non sexa o propietario)
5. Certificación de acordo para a solicitude e pastoreo así como autorización expresa a favor do solicitante pola Comunidade Veciñal (necesario en caso de



parcela situada en MVMC)

6. Plan de Aproveitamento Silvopastoril, onde se inclúe

- a. Localización e extensión da zona dedicada ao pastoreo
- b. Carga gandeira admisible
- c. Período de duración
- d. Actuacións planificadas
- e. Responsables dos aproveitamentos
- f. Características do gando

O Plan debe presentarse aprobado polo titular dos dereitos de aproveitamento ou, de tratarse de unha comunidade de montes veciñais en man común, pola Asemblea Xeral, cando non se dispoña de instrumento de ordenación ou xestión forestal).

Plan de aproveitamento Silvopastoril debe estar inscrito no Rexistro de Terreos Forestais de Pastoreo.

7. Instrumento de ordenación ou xestión aprobado (no caso de dispoñer deste non é precisa a presentación de Plan de aproveitamento silvopastoril: DT 6º.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar caso por caso os terreos afectados por un ou unha Axente Medioambiental.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6937
Data envío: 22/03/2017 19:25:31.065



2. Dependendo da casuística dos terreos afectados e os propietarios do gando, aprobar rapidamente o pastoreo.
3. Remitir un informe en caso de ser favorable os axentes de Seprona para que paren de multar o que exerce no terreo o pastoreo.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 22/03/2017 19:24:33

David Rodríguez Estévez na data 22/03/2017 19:24:44

Luis Villares Naveira na data 22/03/2017 19:24:53